

Mércores, 13 de decembro de 2017

Núm. 237

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DAS NOVAS GRADAS DE GOL E MARCADOR, E UN APARCAMENTO SUBTERRÁNEO E DE UN PROXECTO CONXUNTO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Fomento
Nº expediente: 5.036-440.

2. Obxecto do contrato: a redacción do proxecto básico e de execución das obras das novas gradas de Gol e Marcador do Estadio Municipal de Balaídos e dun aparcamento soterrado, así como dun proxecto refundido do conxunto do Estadio para a súa tramitación polo procedemento previsto na Lei 3/2016, de medidas en materia de proxecto públicos de urxencia ou de excepcional interese

Lugar de execución: Concello de Vigo.

Prazo de execución: 8 meses. Prórroga: non se fixa.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: Ordinaria.

Procedemento: Aberto.

4. Presuposto base: 743.739,00.- euros. IVE a soportar pola administración: 156.185,19.- euros. Orzamento total: 899.924,19.- euros.

5. Garantías esixidas. a)Provisional: non se esixe. b)Definitiva: sí (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c)Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante unha relación dos principais servizos ou traballos, de

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:WHL5Q4B4TK6IP3L



Mércores, 13 de decembro de 2017

Núm. 237

igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas), que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Serán traballos de igual ou similar natureza os relativos á redacción de proxectos de obras de construción de obra civil e edificación de instalacións deportivas ou de infraestruturas multiuso para a celebración de espectáculos de calquera índole.

Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos dos descritos no parágrafo anterior por un importe superior a 250.000 € (o importe computarase na anualidade da data de sinatura do contrato). Así mesmo, considerarase acreditada a solvencia cando o importe dos proxectos redactados teñan un “prezo execución material” igual ou superior a 5.000.000 euros (a cuantificación do importe dos proxectos será de aplicación na anualidade correspondente ao ano no cal fora entregado o proxecto de obra).

Os servizos ou traballos efectuados de acordo cos condicionantes recollidos nos dous parágrafos anteriores, acreditarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público. Cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

8. Presentación de Ofertas: Prazo: o prazo rematará o 3 de xaneiro de 2018.

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e conómica: entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 27 de novembro de 2017.

O Concelleiro delegado de Contratación,

P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: WHPLSQ4B4TK6IP3L

